

## DECRETO

### Nº Expediente: 2019/CONTRAT/000014

Don Ángel García Seoane, Alcalde do Concello de Oleiros dita a seguinte resolución pola que se aproba o expediente de contratación do *servizo de Limpeza das Escolas Infantís A Parcela, As Galeras, A Canteira e A Braña*.

Mediante Providencia da Concelleira delegada de Contratación con data do 11/02/2019 iníciase expediente para a contratación de *Limpeza das Escolas Infantís A Parcela, As Galeras, A Canteira e A Braña*, con base na proposta do Concelleiro de Servizos Sociais e a Memoria xustificativa do contrato con data 01/02/2019, subscrita pola Coordinadora de Servizos Sociais Dona Susana Varela García.

O orzamento da presente licitación é de 85.984,08€, máis 21% de IVE que ascende a 18.056,66€, o que supón un importe de 104.040,74€ (IVE engadido).

O prazo de execución do referido contrato é de un (01) ano cos seus correspondentes prazos parciais definidos no prego de cláusulas técnicas do contrato e prorrogable por unha anualidade, ata unha duración máxima de dous anos.

O expediente acompáñase do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas, polo procedemento *aberto* de tramitación *urxente*.

### Xustificación da urxencia:

En canto á necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público que se ha de motivar no expediente, atopa diversos puntos de apoio no caso que nos ocupa:

- A importancia da continuidade na prestación do servizo por motivos de saúde e salubridade, ao tratase o tema da hixiene e limpeza dun tema sensible, especialmente en relación con nenos.
- O feito de que a empresa que está na actualidade prestando o servizo manifestou a súa intención de non continuar na prestación do mesmo, e levouse a cabo unha prórroga forzosa para evitar que se deixese de prestar o servizo polo tempo mínimo para proceder á nova licitación.

En base a esas motivacións, o órgano de contratación podería acordar a declaración de urxencia do expediente, se o considerara apropiado para acelerar a tramitación do mesmo e cubrir canto antes o servizo de limpeza de escolas infantís



En consecuencia, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da LCSP,

#### ACÓRDASE

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente para a contratación do *servizo de Limpeza das Escolas Infantís A Parcela, As Galeras, A Canteira e A Braña*; polo importe de 85.984,08€, máis 21% de IVE que ascende a 18.056,66€, o que supón un importe de 104.040,74€ (IVE engadido). O procedemento de tramitación será *aberto*.

**SEGUNDO.-** Declarar a urxencia do procedemento de contratación, de conformidade co artigo 119 LCSP e de conformidade coa xustificación realizada na parte expositiva deste decreto.

**TERCEIRO.-** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

**CUARTO.-** Autorizar o gasto correspondente que comporta o presente contrato. Unha vez que xa foi retido o crédito segundo se desprende das operación “RC” que se sinalan a continuación:

Ano	Operación	Importe
2019	RC-201900007382	72.721,39€
2020	RCFUT1-201900003586	31.319,35€

**QUINTO.-** Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Oleiros, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de *oito* días naturais, a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación.

**SEXTO.-** Dar traslado do presente acordo a Intervención e contabilidade.

**SÉTIMO.-** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo poderá vostede interpor recurso especial en materia de contratación previsto no art. 44 do LCSP, o cal se presentará no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso ou naqueles indicados no art. 51 LCSP, dentro do prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ó de recepción da notificación desta resolución.  
Con carácter previo e dentro do mesmo prazo, deberá anunciarlle ao órgano de contratación a intención de interpoñelo, especificando o acto do procedemento que vai ser obxecto de recurso.
2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.





CONCELLO DE  
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**  
Contratación e Patrimonio

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

